

## **Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 6 de febreiro de 2017, de concesión da Medalla do Parlamento de Galicia (extracto)**

O Regulamento das distincións e condecoracións do Parlamento de Galicia establece que a Mesa do Parlamento de Galicia poderá conceder a medalla do Parlamento de Galicia a aquelas institucións ou persoas físicas ou xurídicas que, téndose distinguido ao servizo á Comunidade Autónoma de Galicia, se fagan merecentes da consideración honorífica dos representantes lexítimos do pobo galego, así como ás institucións, autoridades e personalidades que, pola súa especial relación ou vínculo co Parlamento de Galicia, ou por motivos de reciprocidade ou de cortesía, se fagan merecentes dela.

A concesión da Medalla do Parlamento de Galicia efectuarase cada ano nunha soa ocasión, coincidindo co 6 de abril, aniversario da aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia.

A vixente Constitución española, referendada o 6 de decembro de 1978, posibilitou no seu título VIII o chamado Estado das autonomías, delimitando o seu alcance e marcando o camiño de acceso a estas.

A Asemblea de Parlamentarios Galegos, que, de acordo co artigo 151 da Constitución, tiña as competencias para elaborar e aprobar o proxecto de Estatuto de autonomía, acordou nomear unha comisión composta por dezaseis representantes de partidos, con e sen representación parlamentaria, para elaborar un primeiro texto. Nesta comisión oito dos seus membros pertencían á UCD, dous ao PSOE, dous a AP, un ao PCG, un ao POG, un ao PG e un ao PTG.

Logo de seren convocados todos eles mediante circular da Xunta de Galicia de data 4 de xaneiro de 1979, o día 10 de xaneiro dese ano, ás 17 horas, constituíuse o grupo de traballo integrado por esas dezaseis persoas, o cal, despois de dezasete intensas xuntanzas, rematou a redacción do texto do Anteproxecto de Estatuto de autonomía de Galicia, coñecido como «o Estatuto dos 16», que lle foi entregado ao presidente Rosón o 9 de abril de 1979, e que continuou despois a súa tramitación.

A contribución desas dezaseis persoas, e tamén de todas as que participaron e colaboraron con elas, a prol da norma institucional básica da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dun traballo no que, con grande entrega e dedicación e na procura do ben común e dos intereses do pobo galego, imperou a vontade de consenso sobre as disputas partidistas, fainas merecentes da súa consideración honorífica por parte dos representantes lexítimos do pobo galego.

O seu recoñecemento resulta ineludible na conmemoración do 35 aniversario do Parlamento de Galicia, que, como é sabido, é unha institución que emana do Estatuto de autonomía, e a través do cal a Comunidade Autónoma exerce os seus poderes.

Vista a proposta da Presidencia da Cámara e mais o disposto nos artigos 8 a 15 do Regulamento das distincións e condecoracións do Parlamento de Galicia, a Mesa adopta o seguinte

**ACORDO:**

Concederlles a Medalla do Parlamento de Galicia ás seguintes persoas, integrantes do grupo de traballo encargado da elaboración do Anteproxecto de Estatuto de autonomía de Galicia:

- D. Luis Cordeiro Rodríguez (a título póstumo)
- D. Víctor Vázquez Portomeñe
- D<sup>a</sup> Lutgarda García-Boente Sánchez
- D. Pablo González Mariñas
- D. Manuel Reimóndez Portela (a título póstumo)
- D. Pablo Padín Sánchez

- D. Ramón Álvarez Cid
- D. Juan Manuel Álvarez Ramos (a título póstumo)
- D. Francisco Puy Muñoz
- D. Manuel Vázquez Río (a título póstumo)
- D. Indalecio Tizón Covelo (a título póstumo)
- D. José Vázquez Fouz
- D. Anxo Guerreiro Carreiras (a título póstumo)
- D. Luis Sobrado Fernández
- D. Camilo Nogueira Román
- D. Fernando Solla Fernández

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente